

c) **Outros requisitos:** En particular PARA O LOTE 2 os licitadores deberán presentar obrigatoriamente a certificación de estar rexistrados no Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos e, se é o caso, no rexistro autonómico

8. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:

a) **Data límite de presentación:** 24 de xullo de 2017

b) **Modalidade de presentación:** formato papel.

c) **Lugar de presentación:**

1. **Dependencia:** Concello de Lugo nas Oficina do Rexistro ou enviadas por correo postal.
2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197
3. **Localidade e C.P.:** Lugo, 27002

d) **Admisión de variantes:**NON

e) **Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta:** 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data e hora:** O terceiro día hábil seguinte ao remate do prazo de presentación de proposicións (28/07/2017) ás 11:00 h. agás modificación publicada con antelación no Perfil do contratante.

10.- Gastos dos anuncios: serán por conta dos adxudicatarios.

11.- Outras informacións: As que se recollen no prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.

12.- Obrigas contractuais esenciais. Este contrato ten condicións esenciais e especiais de execución establecidas nas cláusulas décimo quinta e décimo sétima configuradas como obrigas contractuais esenciais.

13.- Data de envío do anuncio ao Diario Oficial da Unión Europea: 14 de xuño de 2017

Lugo, 15 de xuño de 2017.- TENENTA-ALCALDE DA AREA, DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO Ana Prieto Nieto

R. 1839

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 14 de xuño de 2017, aprobou a CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TRANSCRIPCIÓN DE ACTAS DO PLENO E DAS COMISIÓNS DE PLENO, QUE ASÍ O REQUIRAN, DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO. EXPDTE REF: 19-2017.

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento

c) **Obtención de documentación e información:**

1. **Dependencia:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento
2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.
3. **Localidade e C.P.:** Lugo, 27002
4. **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.
5. **Telefax:** (982) 29-72-59.
6. **Correo electrónico:** www.contratacion@concellodelugo.org
7. **Dirección internet:** www.Lugo.gal (Perfil do contratante)
8. **Data límite de obtención de información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

d) **Número de expediente:** 12/2017

2.- Obxecto do contrato.

a) **Tipo de contrato:** servizos

b) Descrición: A realización do servizo de transcripción das intervencións producidas nas sesións celebradas polo Excmo. Concello Pleno, así como nas reunións efectuadas polas Comisións de Pleno, que así o requiran.

c) División por lotes: NON

d) Prazo de duración/ Prazo de execución: UN ANO

e) Admisión de prórroga: SI

f) Establecemento de acordo marco: NON

g) CPV : CPV,- 79552000-8 Servizo de tratamento de textos

3.- Tramitación e procedemento:

a) Tramitación: ordinario

b) Procedemento: aberto

c) Criterios de adxudicación: Ver **cláusula décimo segunda** dos pregos de cláusulas administrativas.

4.- Valor estimado do contrato: 22.370 euros, IVE excluído

5.- Orzamento base de licitación (primeira anualidade)

O orzamento máximo do contrato para a primeira anualidade ascende a 11.185 euros, ó que sumado o IVE (21%) 2.348,85 euros- polo que o prezo total é de 13.533,85 euros.

6.- Garantías:

a) Provisional: NON procede

b) Definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Solvencia: A sinalada na cláusula sexta do prego de cláusulas administrativas

b) Clasificación: NON

c) Outros requisitos: ver cláusula sexta do prego

8. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:

a) Data límite de presentación: 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise inhábil prorrogárase ata o seguinte día hábil

b) Modalidade de presentación: formato papel.

c) Lugar de presentación:

4. **Dependencia:** Concello de Lugo nas Oficina do Rexistro ou enviadas por correo postal.

5. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

6. **Localidade e C.P.:** Lugo, 27002

7. **Dirección electrónica:** www.lugo.gal (Perfil do contratante)

d) Admisión de variantes:NON

e) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta: 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data e hora: O terceiro día hábil seguinte ao remate do prazo de presentación de proposicións as 13:30 h. agás modificación publicada con antelación no Perfil do contratante.

10.- Gastos dos anuncios: 72,67 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

11.- Outras informacións: As que se recollen no prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.

12.- Obrigas contractuais esenciais. Este contrato ten condicións esenciais de execución establecida na cláusula décimo quinta configurada como obriga contractual esencial.

Lugo, 16 de xuño de 2017.- TENENTA-ALCALDE DA AREA, DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO Ana Prieto Nieto

R. 1840

Anuncio

En cumprimento do establecido nos artigos 82.3 e 88.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, faise pública a normativa do Estudo de detalle formulado para a ordenación de volumes (ampliación) do CEIP "As Mercedes", promovido pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e aprobado definitivamente polo Excmo. Concello Pleno en sesión celebrada con data do 24-11-16 (publicado no DOG nº 75 de data do 19-04-17), que na súa parte dispositiva literalmente estableceu:

"PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o estudo de detalle formulado para a ordenación de volumes (ampliación) do CEIP "As Mercedes", sito entre as rúas Montirón e Novo Freire, promovido pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia (artigo 80.2 da LSG).

SEGUNDO.- Requerir ó promotor deste estudo de detalle para que presente neste Concello, por triplicado exemplar, o devandito instrumento de planeamento en soporte dixital.

TERCEIRO.- Proceder á publicación deste acordo de aprobación definitiva no DOG, no prazo dun mes desde a súa adopción. Xunto coa publicación deste acordo publicarase a referencia ó enderezo electrónico no que figurará o contido íntegro deste Estudo de Detalle a disposición do público (artigo 82.2 da LSG).

CUARTO.- Unha vez publicado o anuncio no DOG, ó que fai referencia o anterior acordo, proceder á remisión dun exemplar deste Estudo de Detalle en soporte dixital, debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (CMAOT) para a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia. Sendo esta inscrición requisito de eficacia do acordo de aprobación definitiva (artigo 88 da LSG).

QUINTO.- Notificarlles este acordo ós interesados, indicándolles que contra el poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), sen prexuízo de que poidan interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estimen conveniente ó seu dereito."

Segundo consta no expediente administrativo o devandito Estudo de detalle foi obxecto de inscrición, con data do 06-06-17, no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.